



CONCELLO DE REDONDELA

Nº1/2015

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

1. ASUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO (ATMV).

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas do día vinte e sete de xaneiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do alcalde Javier Bas Corugeira e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Erminda Quelle Fernández, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Luís Alberto Orge Míguez, Digna Rosa Rivas Gómez, Leticia González Guisande, Antonio Cabaleiro Millares, Leonardo Cabaleiro Couñago, Antonio Vázquez Saco, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoan Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación Ana Begoña Merino Gil, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria é de acordo coa Orde do Día

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

O presidente declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar o primeiro punto da Orde do Día.

ÚNICO: APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO (ATMV).

ANTECEDENTES

Visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Urbanismo e Interior da súa sesión de data 27/01/2015 que di:

“Considerando que por parte da Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (Dirección xeral de Mobilidade) foi remitido o 05.01.2015 o borrador do convenio de referencia, modificado sobre os anteriores, toda vez que o Concello de Vigo autoexcluíse de colaborar no mesmo.

Considerando que tralas conversas habidas entre representantes de dita consellería e os trece concellos que en principio participan no convenio e tralos pertinentes informes por parte dos servizos técnicos do Concello e da asesoría xurídica da consellería, acordouse someter o texto definitivo do Convenio aos respectivos plenos dos diferentes concellos.

Considerando que malia o reparo contido no informe de intervención e secretaría do 13.01.2015 aducindo basicamente cuestións competenciais foi emitido outro por parte do letrado asesor da Xunta de Galicia do que se deduce que o convenio articula unha actuación de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos, sen que supoña por parte destes o exercizo de novas competencias, e como consecuencia non son necesarios os informes da administración de tutela,



CONCELLO DE REDONDELA

aínda que si os internos dos órganos municipais.

Considerando que dito convenio é beneficioso para os cidadáns de Redondela, non sómentes porque vai a supor unha rebaixa no prezo do transporte senón tamén unha mellora das condicións de mobilidade no Concello por canto o obxectivo fundamental do convenio é establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros de tal xeito que se fomentará tamén a chegada ao noso municipio de persoas procedentes da área metropolitana de Vigo e faranno tamén en transporte público.

Vista a disposición adicional segunda, 2 da Lei 5/2014 do 27 de maio, de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en base á cal a subscripción de convenios e a constitución de consorcios deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sen que para a súa formalización ou constitución deban solicitarse os informes preceptivos que se regulan nesta lei.

Teño a ben propor á comisión informativa, que, para a súa aprobación polo pleno do Concello, dictamine favorablemente o seguinte acordo:

1. Levantar os reparos contidos no informe de intervención e secretaría do 13.01.2015 en base ao informado polo asesor xurídico da Xunta de Galicia o 16.01.2015.
2. Aprobar a vinculación do concello ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e anexo técnico.
3. Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio en nome e representación do concello así como para a realización das actuacións necesarias para o seu desenvolvemento.
4. Remitir unha certificación deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos señores asistentes, coa abstención dos señores/as: Cabaleiro Couñago, Rivas Gómez, García Míguez, González Campo e Blanco Pérez, acorda informar favorablemente a proposta transcrita”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que hai tempo que eles mesmos plantexaron o problema co Concello de Vigo porque non lles ía facilitar as tarxetas aos veciños de Redondela e agora veñen cunha proposta que consideran que ten moitos problemas e na que non entra o Concello de Vigo. Non lles parece ben pagar aos cidadáns de Vigo que veñan a Redondela e pensan que é unha subvención ás empresas que prestan os servizos que van a cobrar o mesmo. Tampouco ven nada en firme con respecto a posibles rutas interparroquiais. Proporían que se pasan dun determinado número de usuarios non se lles pagara o mesmo ás empresas. Consideran que é empezar a casa polo tellado xa que habería que comenza por facer un plan de transporte que asemade se corresponde coas competencias que sinala a ley da área metropolitana de Vigo como propias da mesma. Indica que o informe da Xunta non lles clarexou ningunha dúbida con respecto ao informado polos técnicos municipais.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o BNG leva anos defendendo un plan de transporte metropolitano para a área de Vigo e consideran que este convenio chega tarde. Estiman que este tema se utilizou como arma arrojadiza e se trae agora cun carácter claramente electoralista. Sinala que é un convenio pechado, que ten moitas eivas e inconcrecións. Consideran que o convenio debería referirse a un servizo intermodal e deste queda fora o transporte ferroviario. A vista das limitacións non lle van a dar o voto a favor pero vanse a abster porque pensan que é un pequeno avance para pór a andar ese transporte. En canto ás bonificacións para determinados



CONCELLO DE REDONDELA

sectores da poboación, apela á responsabilidade dos grupos da corporación para que se establezan axiña ditas modificacións.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que despois de seis anos gobernando na Xunta e a tres meses das eleccións municipais presentan este convenio, cuxo proceso de elaboración cualifica de chapuza, xa que puxo de acordo a todos os secretarios e interventores da área para asinar uns informes demoledores e, para salvarlos, achegan un informe dun asesor da Xunta para que o convenio sexa aprobado. Indica que non está asinado por ninguén e non miraron ningún informe de mobilidade nin estudo de mercado ou sobre liñas, prezos e usuarios. Di que tampouco fai ningunha mención ao transporte ferroviario, que consideran clave para Redondela. Anuncia que o seu grupo vaise abster.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que o convenio é un documento base, revisable, e, aparte dos beneficios das empresas hai que ter en conta os beneficios para os cidadáns. Sinala que se trata dun primeiro paso e que o tema se bloqueou pola actitude do alcalde de Vigo e por eso se tardou tanto tempo. Salienta tamén os aspectos sociais que poden desenvolverse co gallo do convenio e que os socialistas puideron negociar mellor co alcalde de Vigo e por iso pensa que non teñen compromiso cos cidadáns de Redondela.

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que o convenio quédase corto e insiste en que non está ben traballado e en que as competencias corresponden á Xunta de Galicia. Refírese aos gastos para o Concello e ás posibles consecuencias para a regra de gasto, segundo o informe técnico, e a outros aspectos de dito informe. Seguen a pensar que é precipitado.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o convenio ten lagoas importantes e abstéñense precisamente porque o consideran como un documento base revisable, por iso están a favor de facilitar a súa aprobación. Consideran que é unha decisión política e por iso non fan mención aos informes técnicos. Di que faltan moitas cousas e que o BNG seguirá pelexando para que haxa tren de cercanías.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que aínda que é unha decisión política tamén hai que ter en conta os informes técnicos. Sinala que hai que ver ao Concello como institución e resulta claro que esta é unha competencia impropia. Alude á posibilidade de que a Deputación participara subvencionando o transporte metropolitano. Indica que non van a ser capaces de por en marcha o convenio.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que a voceira do BNG mira o vaso medio cheo namentras que o do PSOE o mira medio vacío cecais porque empezou a campaña electoral. Indica que os socialistas pídenlle á Deputación o que eles non foron capaces de facer. Dí que o voceiro do PSOE coincide con Abel Caballero. Indica que este convenio tamén funciona noutros sitios, e moi ben.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación ordinaria, o pleno do Concello aproba por maioría dos/as concelleiros/as presentes, con dez votos a favor (10 do PP), dez abstencións (8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e un voto en contra (1 AER), a sintura e adhesión ao Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo (ATMV).

E non habendo máis asuntos que tratar, O alcalde levanta a sesión, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, de todo o que se estende a presente acta, da que, como secretaria, dou fe.-